

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 06.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 7260 (10/CPC-000009)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, por petición propia, para informar sobre a evolución e funcionamento do labor deste
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

Punto 2. Preguntas

- 2.1 31561 (10/POC-004970)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa solidez, lexitimidade e pertinencia da lexislación vixente en materia de formación náutico-pesqueira e a proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas, o mantemento de contactos co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas á presentación dalgunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018
- 2.2 33393 (10/POC-005213)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos problemas que están a afectar a ría de Arousa como consecuencia da deficiente depuración das augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela e a asunción do compromiso de rematar ou ter en execución todas as obras de depuración e saneamento nela no ano 2020, así como as súas previsións respecto da elaboración e posta en marcha no ano 2018 dun plan especial de sustentabilidade e aproveitamento da ría cunha partida orzamentaria específica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

- 2.3 33626 (10/POC-005269)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018
- 2.4 33660 (10/POC-005273)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 2 máis
Sobre o peche da pesqueira da sardiña para a arte do xeito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Julia Torregrosa Sañudo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

Paula Quinteiro Araújo

EM

María Soraya Salorio Porral

P

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7260(10/CPC-000009)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, por petición propia, para informar sobre a evolución e funcionamento do labor deste



Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da directora do Intecmar para informar sobre **“a evolución e funcionamento da labor do Intecmar”**.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31561(10/POC-004970)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa solidez, lexitimidade e pertinencia da lexislación vixente en materia de formación náutico-pesqueira e a proposta dun grupo de armadores de crear titulacións paralelas, o mantemento de contactos co Goberno central ao respecto e as súas previsións referidas á presentación dalgunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

A actual lexislación referente á formación náutica-pesqueira naceu dun amplo consenso do cal foron partícipes todos os axentes interesados no sector pesqueiro. O actual modelo formativo ten como obxectivo, entre outras cousas, garantir a seguridade e o benestar no posto de traballo dos nosos mariñeiros e mariñeiras ou mellorar o seu desenvolvemento en situacións de alto risco.

A día de hoxe, un grupo de armadores están a promover ante o Goberno Central un modelo formativo paralelo ó regulado pola Administración, baleirado de contido e cunha duración considerablemente menor. O obxectivo deste modelo non é outro que obter un persoal mariñeiro máis precario e, polo tanto, peor pagado, aínda que isto supuxese un potencial aumento da sinistralidade e dos accidentes laborais nas embarcacións.

O recoñecemento destas titulacións como suficientes para permitir a embarcación de novos mariñeiros sería neste sentido non só un ataque ós valores e principios que deben rexer a formación no mundo laboral, como son o da busca de seguridade e benestar no posto de traballo, ou un ataque a todos aqueles mariñeiros e mariñeiras xa titulados, que ven así perigar os seus postos de traballo ante a posibilidade da entrada de traballadores menos remunerados. Trataríase tamén dun ataque frontal á seguridade das nosas embarcacións e do



persoal embarcado, pois esta nova man de obra non estaría preparada para actuar ante circunstancias de alto risco.

É importante non seguir permitindo ataques contra os nosos profesionais e non contribuír a precarizar aínda máis os seus postos de traballo. Pola contra, cómpre que a Administración escoite as demandas dos traballadores e das traballadoras do mar, entre os que existe un amplo consenso sobre a necesidade de continuar perfeccionando a regulación sempre dende as bases da negociación e do acordo, e co obxectivo de aumentar e nunca de reducir a seguridade e o benestar laboral nas embarcacións. Entre outras iniciativas, ten especial interese a regulación que as asociacións de técnicos mariñeiros reivindicán arredor da figura do alumno ou alumna en prácticas, promovendo a integración mediante incentivos deste tipo de figura nas embarcacións e facilitando tanto a súa formación como a súa seguridade ou a súa remuneración mentres se atopen embarcados.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a:

- 1.- Está de acordo a Xunta en considerar a actual lexislación en materia formativa náutico-pesqueira como sólida, lexítima e pertinente?
- 2.- Que opinión lle merece á Xunta a creación de novos tipos de formación paralela que, sen contar con todas as garantías que ofrece en materia de seguridade e prevención de riscos o actual modelo formativo, habilite ó titulado a embarcar de todos os xeitos?
- 3.- Está en contacto a Xunta de Galicia co Goberno Central para aclarar e consensuar a resposta ás presións deste grupo de armadores?
- 4.- Ten pensado o Goberno galego algunha proposta para a regulación da figura do alumno ou alumna en prácticas?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 13:54
Nº Rexistro: 31561
Data envío: 29/05/2018 13:54:24.994



5.- Considera o Goberno galego que a seguridade laboral dos e das nosas traballadoras do mar unha preocupación de primeira orde?

6.- Se é así, que opinión ten de modificar a regulación ou permitir novos modelos regulativos menos esixentes neste aspecto?

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 29/05/2018 13:53:19

Paula Quinteiro Araújo na data 29/05/2018 13:53:30

Julia Torregrosa Sañudo na data 29/05/2018 13:53:36

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 33393(10/POC-005213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación cos problemas que están a afectar a ría de Arousa como consecuencia da deficiente depuración das augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela e a asunción do compromiso de rematar ou ter en execución todas as obras de depuración e saneamento nela no ano 2020, así como as súas previsións respecto da elaboración e posta en marcha no ano 2018 dun plan especial de sustentabilidade e aproveitamento da ría cunha partida orzamentaria específica

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33393
Data envío: 12/07/2018 13:26:30.948



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A ría de Arousa é a máis extensa das rías galegas e resulta incalculable o seu valor en termos medioambientais e de impacto social e económico, tanto pola produción de cultivo marisqueiro como pola potencialidade turística asociada que conleva.

Non entanto, a aposta da Xunta de Galicia por este enclave xeográfico non resulta convincente nos últimos anos. A existencia de problemas de depuración e saneamento de contornos urbanos que non son debidamente tratados e repercuten na ría, a falla de conciencia dende a administración autonómica sobre os problemas que se poden causar sobre a ría, o desleixo no tratamento e mantemento de diversos espazos estratéxicos e a tímida aposta polo reforzo medioambiental fan que a Ría de Arousa se atope desaproveitada en termos de produción e con problemas de corte medioambiental.

A finais de 2014, a Comisión Europea anunciaba que denunciaría a España (e a Galicia) ante o TJUE por non existir garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversos puntos de Galicia, pola falla dun sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública. Xa en 2013 se producira un informe de amoestación, con avisos de sancións sobre os futuribles fondos Feder, entre outras cuestións, e España foi sancionada polo estado das rías galegas. Sobre a ría de Arousa recaen os problemas sinalados da errónea depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, cuxos problemas se trasladan de maneira directa ou indirecta a través do curso fluvial do Ulla.

O Goberno ten respondido en varias ocasións que leva investidos, dende 2009, máis de 30 millóns de euros na ría de Arousa e que serán máis de 70 millóns cando remate o ano 2020, ano no que todas as obras estarán feitas ou en execución. Mais os resultados non se aprecian: o estado das rías afecta de maneira directa á produción marisqueira, que se ve diminuída cada ano e redunda na perda de permisos de explotación marisqueira de maneira continuada. En Galicia, os permisos caeron nun 40 % dende a chegada do Goberno do presidente Feijóo, quedando xa en menos de 4 000 cando en 2009 estaban por riba dos 6 500. A maior parte desta caída dáse na ría que concentra o maior número dos permisos, que é a de Arousa. A produción do libre marisqueo concluíu nesta última campaña por debaixo dos 400 millóns de toneladas, caendo un 25 % respecto do ano pasado.

O aproveitamento do potencial turístico e medioambiental da ría de Arousa non conta con mellor sorte. A inclusión da Illa de Cortegada e de Sálvora no Parque Nacional Illas Atlánticas podería ter sido un elemento de dinamización, mais a realidade é que son os concellos os que están a pular por manter en valor estes espazos, mentres que a Xunta de Galicia sacou adiante o Plan reitor de usos e xestións do parque moitos anos despois do prazo marcado e sen ter en conta observacións dos concellos ou das asociacións medioambientais. No mesmo sentido, os espazos baixo distintas figuras de protección medioambiental non están sendo axeitadamente coidados, como ocorre no caso da ensenada de Os Pasales, no linde entre Sanxenxo e Meaño, zona de especial conservación e que forma parte do espazo protexido do complexo intermareal Umia-O Grove.

A potencialidade da ría de Arousa en todas as súas perspectivas permitiría promover unha aposta estratéxica de calado, que permitise referenciar o entorno natural privilexiado e a súa conexión social e económico coa contorna, contribuíndo isto a un pulo de dinamización da comarca de moito interese.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2018 13:26
Nº Rexistro: 33393
Data envío: 12/07/2018 13:26:30.948



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre os problemas que afectan á ría de Arousa pola defectuosa depuración de augas residuais urbanas de Ribeira ou Santiago de Compostela, recoñecida pola propia UE e obxecto de sancións a España?
2. Comprométese o Goberno a ter rematadas ou en execución todas as obras de depuración e saneamento na ría de Arousa no ano 2020?
3. Vai elaborar e poñer en funcionamento o Goberno, ao longo deste ano 2018 e cunha partida orzamentaria específica, un plan especial de sostenibilidade e aproveitamento da ría de Arousa, que desenvolva medidas relativas a depuración e saneamento, produción marisqueira e protección medioambiental?

Pazo do Parlamento, 12 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/07/2018 12:37:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/07/2018 12:38:00

Raúl Fernández Fernández na data 12/07/2018 12:38:05

María Luisa Pierres López na data 12/07/2018 12:38:10

María Dolores Toja Suárez na data 12/07/2018 12:38:15

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 33626(10/POC-005269)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas á tomar diante do peche da pesquería da sardiña para a flota do xeito.

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación ven de publicar unha resolución pola que establece o peche da pesquería da sardiña en augas ibéricas de zonas cien VIIIc e IXa, a partir do 13 de xullo de 20018.

Esta medida ten unha grave repercusión para unha arte tradicional que ten unha pequena incidencia sobre os bancos de sardiñas. Unha actividade profesional pesqueira en Galiza que leva a cabo un sector estratéxico tanto pola súa dimensión social como polo seu peso económico en moitas vilas costeiras polos ingresos que xera nas mesmas.

Aféctalle esta medida a pequenas embarcacións xeiteiras que teñen no seu permex esta arte e que no conxunto do país son unhas 427 ás que hai que sumar unha ducia de racús. Están localizadas principalmente en portos das rias baixas: Rianxo, Cambados, Illa de Arousa, Redondela.

O Xeito é unha arte de enmalle moi selectiva, no que o 85% das capturas corresponden á sardiña. É unha arte artesanal e sustentábel, que debe quedar fora de Tacs e cotas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626
Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

A Xunta de Galiza debe exercer as competencias exclusivas sobre a pesca nas rías e demais augas interiores que establece o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía e regular sen inxerencias a pesca artesanal como é o caso do xeito.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

Que actuacións está realizando á Xunta de Galiza para que a flota artesanal do xeito poida seguir pescando sardiña?

Vaile reclamar ao Goberno español a exclusión da arte do xeito e do racú da prohibición de poder pescar sardiña?

Por que non ten esixido xa a exclusión como lle ten esixido o sector e o BNG en numerosas ocasións?

Se Galiza ten competencias exclusivas en augas interiores, por que permite que o Goberno de Madrid peche a pesquería?

Vai exercer as competencias exclusivas contempladas no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía sobre “a pesca nas rías e demais augas interiores” e polo tanto excluír á pesca artesanal, e dentro dela á do xeito, de Tacs e cotas impostas desde a Unión Europea e o Goberno de Madrid?

De persistir a prohibición de pescar sardiña para a flota do xeito e racú, vai establecer liñas de axudas, para garantir o mantemento de rendas, especialmente para os mariñeiros que non teñen ningunha outra alternativa, mais tamén para evitar a sobreexplotación doutros recursos pesqueiros?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626
Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

Tense a Xunta de Galiza reunido co sector para buscar unha solución a esta problemática?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 19/07/2018 11:13:41

Ana Pontón Mondelo na data 19/07/2018 11:13:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 19/07/2018 11:13:49

Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2018 11:13:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/07/2018 11:35
Nº Rexistro: 33626
Data envío: 19/07/2018 11:35:52.103

Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2018 11:13:53

Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2018 11:13:55

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 33660(10/POC-005273)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 2 máis

Sobre o peche da pesqueira da sardiña para a arte do xeito

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

O pasado 11 de xullo o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, por medio dunha resolución asinada polo director xeral de pesca e acuicultura, resolvía o peche da pesquería da sardiña para o arte do Xeito.

Este resolución non é comprensible dende ningún punto de vista, dado que polos datos que se teñen de descargas de sardiña por parte do sector do xeito, a día de hoxe aínda restan preto de Tn dispoñibles sobre o total anual.

A comisión do Xeito que xestiona o reparto que figura no plan da sardiña Ibérica tiña establecido uns repartos mensuais por tripulante e buque para facilitar a auto xestión, pero en ningún caso a resolución atendeu este reparto nin as posibilidades de transvase entre meses que figuran no mesmo.

O Xeito é un arte tradicional, absolutamente respetuoso co medio e que apenas ten pegada sobre o stock da sardiña como pode comprobarse no irrisorio porcentaxe de capturas desta arte sobre o total da sardiña ibérica, polo que a xestión do consumo deste arte apenas afecta ao conxunto e resto de froas. En Galicia son preto de 150 embarcacións despachadas para esta arte e con preto de 500 tripulantes e familias afectadas, en moitos casos o peche da pesquería supón a imposibilidade de ingresos, xa que non existe en moitos casos alternativas, como na ría de Vigo onde as embarcacións do xeito que non poden faenar polo peche tampouco o poden facer no marisqueo pola presenza de toxina na ría.



O groso da frota xeiteira está concentrado nas rías de Arousa e Vigo, e o peche supón un duro golpe para o sector pero tamén para a nos hostalaría e Turismo xa que é un dos reclamos da gastronomía da zona, que hoxe estase a subministrar con sardiña do Mediterráneo cando os nosos pescadores non a poden pescar a pesar da constatación a existencia e salubridade dos bancos de sardiña das nosas rías.

O peche no mes de xullo é incomprensible tamén no económico e no medioambiental, este mes a xouba e a sardiña acadan bos prezos e son subministradas en fresco e para as empresas da conserva especializadas en este produto, empresas que non mercaran este produto nos vindeiros meses xa que o tamaño xa non será adecuado para a industria conserveira

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que opinión ten a Xunta da situación que está a vivir o sector do Xeito, derivada do peche da pesquería e a decisión da Xunta de non exercer as súas competencias?

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 20/07/2018 14:22:22

Carmen Santos Queiruga na data 20/07/2018 14:22:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33660
Data envío: 20/07/2018 14:24:28.115

Julia Torregrosa Sañudo na data 20/07/2018 14:22:31